




PUNTA FUCIÑO DO PORCO

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 1.7 km (lineal, pola pista de terra)

Dificultade: baixa

Duración: 2 horas



Punta Fuciño do Porco.



Vista do sendeiro desde a punta Fuciño do Porco.

Unha ruta para contemplar as paisaxes da ría de Viveiro e espectaculares vistas dos cantís da zona, así como gozar dun museo de xeoloxía ao natural.

COMO CHEGAR:

Desde O Vicedo pola estrada que vai a Viveiro, pasado O Viso cóllese o primeiro cruce á esquerda indicado praia da Abrela. A 2,5 km nunha curva á dereita que inicia a baixada á praia sae, á esquerda, unha pista de terra pola que se fai a ruta.

Desde Viveiro, pola estrada que vai ao Vicedo cóllese o primeiro cruce á dereita que indica praia da Abrela á que se chega en 2 km. Pódese chegar ata o cruce anterior, ao rematar a subida da praia, ou deixar alí o coche e facer toda a ruta a pé, o que aumenta a distancia en medio quilómetro pero faina máis completa.



Enseada da Pereira desde a punta Fuciño do Porco.



As Lodelas.